

AXUDAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

TR802G - AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL. PROGRAMA I: FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORÁIS.

Obxecto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en réxime de concorrencia non competitiva, coa finalidade de fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais e proceder á súa convocatoria para o ano 2020.

Programa I: Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (procedemento TR802G)

Este programa ten por obxecto establecer incentivos para o fomento da incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido ou a proba.

O período de execución de accións abranguerá desde o 2 de outubro de 2019 ata o 14 de novembro de 2020.

Considerarase gasto subvencionable o efectivamente pagado no dito período.

Persoas beneficiarias

1. Poderán acollerse aos incentivos previstos neste programa as cooperativas e sociedades laborais que incorporen como persoas socias traballadoras ou de traballo con carácter indefinido, en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, as seguintes persoas:

- a) Persoas que no momento da incorporación sexan desempregadas inscritas como demandantes de emprego.
- b) Persoas que no momento da súa incorporación estean vinculadas á cooperativa ou sociedade laboral por un contrato de traballo temporal.
- c) Persoas que no momento da súa incorporación sexan socias a proba da cooperativa a que se incorporan, sempre e cando estiveren desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no momento de incorporarse como tales persoas socias a proba.

A incorporación deberá supoñer incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo da cooperativa ou sociedade laboral beneficiaria da subvención, respecto á media dos últimos doce meses anteriores á incorporación dos novos socios e socias por quen se percibe a subvención. Para os efectos do incremento do emprego, non se terán en conta os traballadores e traballadoras temporais, nin as persoas socias en situación de proba.

2. Tamén poderán acollerse a estes incentivos as cooperativas e sociedades laborais que incorporen en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, como persoas socias traballadoras ou de traballo a proba, persoas menores de 30 anos (ou menores de 35 anos cando se trate de persoas con discapacidade) que no momento da incorporación estean desempregadas e inscritas como demandantes de emprego.

3. A incorporación poderá ser a xornada completa ou a tempo parcial. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, deberá comprender como mínimo o 50 % da xornada ordinaria calculada en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, na xornada ordinaria legal.

Admitirase a incorporación en condición de persoa fixa discontinua, sempre que a ocupación acade, como mínimo, o 50 % da xornada de traballo anual establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, as 868 horas.

4. Non poderá concederse esta subvención cando se trate da incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo que tiveron tal condición na mesma cooperativa ou sociedade laboral nos dous anos anteriores á súa incorporación como socios ou socias. Tampouco poderá concederse cando se trate da incorporación de persoas polas cales se obtiveron as subvencións previstas para a incorporación como persoas socias,. Estas limitacións non se aplicarán no caso de que a incorporación anterior fose como persoa socia a proba.

5. As cooperativas e as sociedades laborais deberán acreditar o cumprimento das previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais, ao respecto dos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea.

6. En todo caso, as cooperativas ou sociedades laborais deberán acreditar a viabilidade do seu proxecto empresarial.

Requisitos.

Con carácter xeral, as persoas e entidades beneficiarias deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- b) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- c) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

d) Non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e reunir os restantes requisitos previstos nesta.

e) As cooperativas e sociedades laborais deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas legais referidas ao depósito de documentos e inscrición de acordos sociais nos rexistros competentes desde o momento de presentación da solicitude.

Normativa:

Orde do 5 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprod-Economía Social) e se convocan para o ano 2020 (DOG nº 6 do 10 de xaneiro de 2020).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200110/AnuncioG0424-161219-0012_gl.html

Prazo de presentación das solicitudes

11/01/2020 - 30/09/2020

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e finalizará o 30 de setembro de 2020, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito. Non obstante, se o período de presentación resultase inferior a un mes, as solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

No suposto de que antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes se esgota o crédito establecido na convocatoria, o órgano concedente acordará a inadmisión de solicitudes e publicará tal circunstancia no DOG e na páxina web da consellería.

Información e tramitación en:

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código TR802G poderase obter información a través dos seguintes medios:

1. Consellería de Economía, Emprego e Industria

https://ceei.xunta.gal/recursos/axudas-e-subvencions/secretaria-xeral-de-emrego?content=iniciativa_0037.html

2. Na guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia no enderezo: <https://sede.xunta.gal>.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR802G>

AXUDAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

TR802-J AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL. PROGRAMA II: FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓ DE PERSOA SOCIA

Obxecto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en réxime de concorrencia non competitiva, coa finalidade de fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais e proceder á súa convocatoria para o ano 2020.

Programa I: Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (procedemento TR802G)

Este programa ten por obxecto establecer incentivos para o fomento da incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido ou a proba.

O período de execución de accións abranguerá desde o 2 de outubro de 2019 ata o 14 de novembro de 2020.

Considerarase gasto subvencionable o efectivamente pagado no dito período.

Persoas beneficiarias

1. Poderán acollerse aos incentivos previstos neste programa as cooperativas e sociedades laborais que incorporen como persoas socias traballadoras ou de traballo con carácter indefinido, en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, as seguintes persoas:

- a) Persoas que no momento da incorporación sexan desempregadas inscritas como demandantes de emprego.
- b) Persoas que no momento da súa incorporación estean vinculadas á cooperativa ou sociedade laboral por un contrato de traballo temporal.
- c) Persoas que no momento da súa incorporación sexan socias a proba da cooperativa a que se incorporan, sempre e cando estiveren desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no momento de incorporarse como tales persoas socias a proba.

A incorporación deberá supoñer incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo da cooperativa ou sociedade laboral beneficiaria da subvención, respecto á media dos últimos doce meses anteriores á incorporación dos novos socios e socias por quen se percibe a subvención. Para os efectos do incremento do emprego, non se terán en conta os traballadores e traballadoras temporais, nin as persoas socias en situación de proba.

2. Tamén poderán acollerse a estes incentivos as cooperativas e sociedades laborais que incorporen en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, como persoas socias traballadoras ou de traballo a proba, persoas menores de 30 anos (ou menores de 35 anos cando se trate de persoas con discapacidade) que no momento da incorporación estean desempregadas e inscritas como demandantes de emprego.

3. A incorporación poderá ser a xornada completa ou a tempo parcial. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, deberá comprender como mínimo o 50 % da xornada ordinaria calculada en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, na xornada ordinaria legal.

Admitirase a incorporación en condición de persoa fixa discontinua, sempre que a ocupación acade, como mínimo, o 50 % da xornada de traballo anual establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, as 868 horas.

4. Non poderá concederse esta subvención cando se trate da incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo que tiveron tal condición na mesma cooperativa ou sociedade laboral nos dous anos anteriores á súa incorporación como socios ou socias. Tampouco poderá concederse cando se trate da incorporación de persoas polas cales se obtiveron as subvencións previstas para a incorporación como persoas socias,. Estas limitacións non se aplicarán no caso de que a incorporación anterior fose como persoa socia a proba.

5. As cooperativas e as sociedades laborais deberán acreditar o cumprimento das previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais, ao respecto dos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea.

6. En todo caso, as cooperativas ou sociedades laborais deberán acreditar a viabilidade do seu proxecto empresarial.

Requisitos.

Con carácter xeral, as persoas e entidades beneficiarias deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- b) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- c) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

d) Non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e reunir os restantes requisitos previstos nesta.

e) As cooperativas e sociedades laborais deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas legais referidas ao depósito de documentos e inscrición de acordos sociais nos rexistros competentes desde o momento de presentación da solicitude.

Normativa:

Orde do 5 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprod-Economía Social) e se convocan para o ano 2020 (DOG nº 6 do 10 de xaneiro de 2020).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200110/AnuncioG0424-161219-0012_gl.html

Prazo de presentación das solicitudes

Prazo de presentación:

11/01/2020 - 30/09/2020

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e finalizará o 30 de setembro de 2020, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito. Non obstante, se o período de presentación resultase inferior a un mes, as solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

No suposto de que antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes se esgota o crédito establecido na convocatoria, o órgano concedente acordará a inadmisión de solicitudes e publicará tal circunstancia no DOG e na páxina web da consellería.

Información e tramitación en:

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código TR802J poderase obter información a través dos seguintes medios:

1. Consellería de Economía, Emprego e Industria

https://ceei.xunta.gal/recursos/axudas-e-subvencions/secretaria-xeral-de-emprego?content=iniciativa_0037.html

2. Na guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia no enderezo: <https://sede.xunta.gal>.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR802J>